



## NOTIFICACIÓN DE CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Poño no seu coñecemento que a Alcaldía do Concello de Cee procedeu a convocar a sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal que deseguido lle notifico:

### CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É o alcalde quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Os asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, teñen que ser previamente ditaminadas pola comisión informativa correspondente salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes (artigo 123 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais)

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROCEDO**:

#### PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

**Día:** luns 15 de novembro de 2021

**Hora:** 20:00

**Lugar:** SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE

**Motivación:** TC para tratamento de residuos e Declaración Institucional.

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

#### PARTE RESOLUTIVA

**1. Declaración Institucional do Concello de Cee 2021: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.**

**2.Proposta de Alcaldía relativa á transferencia de crédito nº 8/2021 para tratamento de residuos.**

#### SEGUNDO

Se informa, aos efectos oportunos, que de conformidade co artigo 16.3 do ROF: Os membros da Corporación teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento da súa función, singularmente das que han de servir de antecedente para decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que poida serlles facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.



## TERCEIRO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, poñendo á súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

## CUARTO

Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sres. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee:

Margarita Lamela Louzán.

Cee, mércores 10 de novembro de 2021

A secretaria, Rocío Hermida Cancela